

VI TORNEO PROMOCIÓN NARÓN 2026

BASES DO TORNEO

Organizador: Círculo Xadrez Narón.

Data: Sábado, 19 de setembro de 2026.

Lugar de xogo:

Centro Cívico Social Alto do Castiñeiro, R/Manoel Antonio 9, 15570 (Narón) - A Coruña

Categorías:

- Sub - 8 “Promesas” : Nados nos anos 2018 e posteriores
- Sub - 10 “Benxamíns”: Nados nos anos 2016 e 2017.
- Sub - 12 “Alevíns”: Nados nos anos 2014 e 2015.
- Sub - 14 “Infantís”: Nados nos anos 2012 e 2013.

Sistema de xogo:

Suízo a 7 roldas de 15' + 3" para as categorías Sub-8, Sub-10, Sub-12 e Sub-14. Non se aplicará o apéndice G. Aplicarase o apéndice A4 (partidas sen supervisión adecuada). Utilizarase o programa de emparellamento VEGA. Non será válido para elo.

Calendario da competición:

Presentación e confirmación de listas: 10:30 horas.

Roldas: 11:00, 12:00, 13:00, 16:00, 17:00, 18:00, 19:00 horas.

Entrega de Premios e Clausura: 20:00 horas.

Inscricións:

Ata as 12 PM do xoves 17 de setembro no formulario:

FORMULARIO ou ben <https://forms.gle/RuRCuNLAkZkVRSNS6>

É OBRIGATORIO ESTAR FEDERADO NA TEMPORADA ACTUAL Á HORA DE REALIZAR A INSCRICIÓN DO TORNEO. NO CASO CONTRARIO, A INSCRICIÓN SERÁ REXEITADA.

Aforo: Limitado. Xogadores seleccionados por orden de inscrición. Non se admitirán incorporacións pasada a data de inscrición, salvo erro na recepción de datos ou decisión da organización.

VI TORNEO PROMOCIÓN NARÓN 2026

A solicitude da inscrición no torneo implica a aceptación da totalidade das bases e normas do mesmo.

Desempates:

1. Enfrontamento particular.
2. Buchholz Brasileiro*
3. Buchholz total*
4. Progresivo ata as derradeiras consecuencias.

*** Nas partidas non disputadas computaranse como partidas contra un rival virtual.**

Xogadas ilegais:

Dúas xogadas ilegais suporán a perda da partida; **non se incrementarán tempos** por cada xogada ilegal.

Byes:

No Torneo Xeral poderanse solicitar **byes** con valor **0**. Os **byes** solicitaranse no formulario de inscrición.

Premios:

1. Trofeos para os catro primeiros clasificados de cada categoría.
2. Trofeos para os catro primeiros clasificados locais de cada categoría.
3. Medallas para todos os participantes ao finalizar o evento.
4. Reparto de agasallos entre os participantes mediante sorteo.

Para recoller o premio, é esencial estar presente na cerimonia de clausura.

Os participantes, autorizan á organización do torneo, a difusión de información ou a utilización de imaxes nos medios de comunicación ou en publicidade e memorias da competición, podendo exercer os seus dereitos de reclamación no correo torneocxn@gmail.com

As bases poderán ser modificadas a criterio do árbitro principal no caso de ser necesario.